

EDITORIAL

Novembro para a nosa asociación é un mes moi importante, pois é o mes no que organizamos o concerto solidario co que poñer o noso granciño de area na loita contra as situacións difíciles que moita xente está pasando. Inda que esa ilusión este mes ven mezclada con algo de tristura , logo do pasamento de Begoña Caamaño, unha gran feminista e defensora da nosa cultura. Dela falaremos aquí, e tamén do magosto, nun artigo tomado da páxina cultural Galicia Espallada. Moi importante tamén é a presentación do concerto solidario, co que tentaremos repetir o éxito do ano pasado.

Saúdos.



INDICE

- Persoeiro do mes : Begoña Caamaño.
- Axenda Cultural.
- Artigo: A festa do magosto.

PERSOUEIRO DO MES : Begoña Caamaño.



Naceu no barrio do Calvario (Vigo) o 14 de outubro de 1964.

Traballou nos servizos informativos de Radio Popular de Vigo e Radio Noroeste. Foi correspondente en Vigo da Axencia Galega de Noticias e do desaparecido xornal madrileño El Sol. Colaborou n' A Nosa Terra, Tempos e Novas da Galiza.

Dende 1989 traballa na Radio Galega, primeiro na delegación de Vigo onde, xunto con Rosa Martínez, bota a andar o Trecolas, primeiro programa da emisora pública galega que se realiza dende unha delegación. En 1992 incorpórase á redacción central da Radio, en Santiago de Compostela, onde desenvolveu tarefas como redactora en distintos servizos informativos e no Diario Cultural. Posteriormente dirixiu e presentou os programas Andando a Terra, Club Cultura e Expresso de Medianoite. Traballa nas seccións de cultura e sociedade dos servizos informativos da Radio Pública de Galicia. Ademais do seu labor profesional, na Radio Galega desenvolveu tamén labores de carácter sindical, formando parte en diversas ocasións do Comité de Empresa da Radio e ocupando o cargo de presidenta do Comité Interempresas da CRTVG e as súas sociedades, no que destacou na denuncia da manipulación informativa en relación con sucesos de marcada relevancia para a sociedade galega, como foi o caso do afundimento do buque Prestige.



Colaborou nas revistas feministas Festa da Palabra Silenciada e DeLiberadaMente e formou parte do consello de redacción da revista antimilitarista Ar!.


No ámbito literario presentouse "*de maneira serodia*", como ela dicía, máis con intensidade e cunha voz propia que a levaba a revisitar en clave feminista e contemporánea os mitos clásicos.

A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

Con dúas novelas *Circe ou o pracer do azul* e *Morgana en Esmelle*, e conseguiu en só tres anos unha linguaxe propia que a situou entre os principais nomes da literatura dos nosos días. Confesábase herdeira das mulleres contadoras de historias, das avoas que non eran quen de poñelas por escrito, o que ela facía maxistralmente, conseguindo o aplauso de lectoras e lectores e da crítica que, en pouco tempo, lle otorgou premios como o Ánxel Casal, o premio da AELG, o

Losada Diéguez ou o da Crítica da narrativa galega. Fuxía da actualidade, comentaba, aquela que a desesperaba na súa faceta de xornalista. *"Pretendo coa miña obra ofrecer vimbios para facer un cesto novo, cun discurso contra o poder. Trátase de reivindicar a responsabilidade. Eu non vivo soa no mundo, o que fago, desde o propio consumo cotiá, ten consecuencias, tamén para outras persoas e diso teño que ser consciente"*, comentaba.



"Considero o feminismo como un humanismo global. Poñer as gafas lilas é poñerte na pel de quen padeceu a exclusión, non falar desde a historia narrada polos vitoriosos, senón de quen sufriu a exclusión por ser considerad@ menor e secundari@", defendía Begoña Caamaño, da súa maneira activista de situarse no mundo.

Un cancro levouna por diante, logo de varios anos de loita, o pasado 27 de outubro.

Se queres ver o video : "A Conversa" con Begoña Caamaño, copia e accede a ligazon de abaixo:

https://www.youtube.com/watch?v=ex9qMGWS_94

AXENDA CULTURAL : San Martiño.

Cervexería Encontro



- Venres 7, as 00:00 : Fifty fifty blues band
- Venres 14, as 00:00 : Yakuzas.
- Venres 21, as 22:00 : Concerto solidario a favor de Amigos de Galicia cos grupos: "Noite Fechada" , "The Sharknadoos", "Fora de Ser Pablos" e " Killing Floor".
- Venres 28, as 00:00 : the soul brakers.

Auditorio



- Domingo 2, as 19:00 : banda de gaitas **Airiños do Castelo**
- Domingo 9, as 18:00: **Desfilo de moda da nova tempada outono-inverno da Asociación de Comerciantes de Ribadumia**
- Domingo 16, as 19:00, a compañía **Zarabándula** presentanos a obra comica para adultos **"Xenitais"**.
- Venres 21, as 21:00 : **concerto de Santa Icia da Agrupación Musico-cultural de Ribadumia**
- Domingo 23, as 19:00 , exhibición de baile deportivo de salón, da man de **Adrián Esperon e Patricia Martinez.**
- Sabado 29, as 17:00 : contos e humor para toda a familia da man de **Os Sete Magnificos Mais Un.**
- Domingo 30, as 19:00 : concerto da **orquestra Krazzy Kray.**

OUTROS EVENTOS : Concerto Solidario



organización e membros dos grupos que actuaron no concerto do ano pasado.

Repetindo a experiencia do pasado ano, que tivo un éxito mais que notable, este novembro volvemos a organizar, man a man coa cervexería Encontro de Barrantes. E como o ano pasado volvemos contar co apoio de grupos locais. Ademais dos “Noite Fechada”, que repiten, este ano volcaranse en facernos pasar unha gran noite os “Fora

de ser Pablos”, un grupo que recolle o mellor dos míticos Los Pablos e dos ainda

mais míticos “Fora de ser vicio”, nun proxecto único na comarca, e acompañados dende cambados polos imprescindibles “Sharlknadoos”, e os novos e prometedores “Killing Floor”.



Cos mais de 1100€ recadados o ano pasado puderonse comprar esa enorme cantidade de galletas para apoiar a campaña de almozos de Amigos de Galicia

A nosa intención é a mesma do ano pasado, fusionar un evento cultural, neste caso unha noite de musica en directo, con outro de carácter social, facilitando que quen queira faga un donativo no bote para logo, con todo o que xunte,os, poder votarlle unha man a Amigos de Galicia na súa labor de axuda as xentes necesitadas.

E como o ano pasado, para animarvos a participar, haberá sorpresas e sorteos para todas e todos aqueles que nos axuden na nosa misión.

Así que considerádevos convidados e convidadas. Pasaredes unha gran noite acompañados de grandes grupos musicais e se queredes poderedes ademais axudar nunha labor social moi importante nestes tempos.

ARTIGOS : A festa do magosto.

No mes de Novembro, a castaña recupera a importancia que o millo e a pataca lle arrebataron nas lareiras galegas hai varios séculos. Nestes días rendeselle culto, é o Magosto.

INTRODUCCIÓN

O aire das frías noites do 1 e o 11 de novembro levou sempre en Galicia o recendo das castañas asadas. O Magosto era o tempo que os galegos reservaban para honra-las colleitas, despois do equinoccio, un costume que nestes últimos anos se intenta recuperar.



Proclamada de novo raíña, o queixume da castaña mentres é cociñada convida a compartir con familiares e amigos as horas nocturnas alumeados polas faíscas da lareira e a luz das lapas baixo o ceo raso.

Ó rito que acompaña a noite no lle falta de nada. Festa de mozos e mozas, eles traen o viño tinto novo -o primeiro da colleita do ano-, mentres elas xuntan os froitos.

Para asalas colocase sobre o chan a foupa -agulla de piñeiro, toxo o loureiro- e enriba dispóñense as castañas, que serán cubertas por un novo manto de foupa. Cando está preparado, préndese o lume na capa de abaixo, que será a que sinale o ritmo da celebración, e en canto se apaguen as lapas indicará que as castañas están listas para comer. Con viño -nalgúns sitios adozado con mel-, chourizos e pan remata o succulento menú, e a sobremesa póñena os xogos, os contos de ánimas e monstros e a latricada.

Os nenos non faltarán ó seu divertido costume: collerán un puño de cinza e tisnarán as caras uns a outros, chanza que repetirán logo cos adultos. Entre

A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

carreiriñas, berros, tonas de castaña, anacos de chourizo, charlas e grolos irá transcorrendo calma unha noite especial que, doutra volta en torno ó lume, tenta irmandar ó galego cuns devanceiros ós que segue unido polo vencello da tradición.

Di o refrán: *"Por san Martiño faise o magosto con castañas asadas e viño ou mosto".*

Novembro representa, en terras galegas, o tempo do Magosto e o comezo da tempada da matanza do porco.

Por San Martiño celébranse reunións en casas e barrios durante as que se comen castañas asadas acompañadas por chourizos e polo primeiro viño tinto da colleita do ano.



A ORIXE DO TERMO MAGOSTO

Hai varias teorías sobre a orixe do seu nome: mentres uns coidan que vén do latín "magus ustus" algo así co significado "gran fogueira", outros especialistas pensan que "Magosto" deriva do latín "magro" coa equivalencia de grande, con algo de "magus", máxico o feiticeiro.....

A ORIXE DA FESTA DO MAGOSTO

É unha festa de orixe pagá que logo foi cristianizada, e, como tódalas festas de carácter agrario, pode situarse na Prehistoria, cando o ser humano vai adquirindo

consciencia individual e social . É unha festividade relacionada co culto á fecundidade; de aí a súa relación directa co lume, representando ó sol, deus fecundador da terra.

Trátase tamén dunha comida comunitaria e ritual que reforza os vencellos comunitarios do mundo rural, galego; ten un carácter alegre e de acción de gracias polos froitos recolleitos, así coma de homenaxe ós castiñeiros e as castañas.

Con posterioridade foi asociada ós santos e defuntos, por iso se festexa o 1 de novembro, por ser unha comida que simboliza a morte do ciclo solar anual. Máis tarde nas terras de Ourense pasou a celebrarse o día 11 de novembro, festividade de San Martiño de Tours, padroeiro da cidade das Burgas. De Ourense espallouse por toda Galicia, collendo novos matices, aínda que corre risco de perde-la súa orixinalidade e espontaneidade popular tradicional.



Segundo crenzas antigas a castaña era como un símbolo da ánima dos defuntos. Tradicionalmente outono, castaña e defuntos aparecen asociados na festa dos magostos. Enténdese que cada castaña comida é unha alma liberada do purgatorio. Dise tamén que despois da festa as almas viñan a quentarse nas brasas das fogueiras, polo que cumpría deixar algo de castañas para a parroquia dos mortos.

Murguía consideraba a festa do magosto coma un banquete funerario no que a castaña e o viño simbolizarían a morte e a vida. Hoxe en día fanse na eira da casa, nas adegas, nas lareiras das cociñas, pero segue a tradición de facelas no monte ou nun escampado no que o lume non poida facer mal.

Prepárase con certa antelación, poñéndose de acordo para coñecer o que aportará cadaquén, sobre todo castañas e viño, e tamén chourizos e augardente

para a queimada. Unha tarde solleira á hora da merenda-cea é ideal para a celebración do magosto.

Despois de xantar, a partir das tres comézase a face-los preparativos. Iníciase a andaina camiño do monte, atopándose con outras familias ou grupos de amigos, búscase o lugar apropiado(escampado, encrucillada, longa laxa de pedra), todos van cantando e facendo leiras. Búscase frouma, palla, tamén acios de morodos que neste tempo están a madurar.

Acéndese o lume, arde, inicialmente tóstase loureiro para que de cheiro e produza ruído, e tamén muñicos de verde para que de columnas de fume branco mesto. Xa reunidos e amoreada a frouma necesaria precederase a pica-las castañas para que no rebenten. Espérase que desapareza o lume e fiquen as brasas para esparexe-las castañas, controla-lo seu punto.

OS ELEMENTOS BÁSICOS DO MAGOSTO

Coma elemento básico e imprescindible do magosto citarémo-la castaña, nai e filla do castiñeiro.

O segundo elemento é o lume, con todo o que simboliza, como representación do deus sol dador de vida e elemento purificador.

Outro elemento importante do magosto é o viño, que non deixa de se-lo sangue da terra.

Pan de centeo e millo, empanadas, chourizos, patacas (que se soen asar no lume sen depenar), e augardente para a queimada (de novo outra purificación), son suficientes para este día de troula.

Ocupa un lugar eminente a leña, outro froito da terra, para facer un bo lume.

O SECADO DAS CASTAÑAS



As castañas sécanse de diferentes maneiras: nunhas partes sécanse ó sol; noutras en fornos, e nalgunhas cúranas ó fume das cociñas. Despois de secas, nunhas partes gardan a cáscara, e noutras móndanas e denúdanas non só da cáscara exterior, senón tamén da interior, deixándoas limpas, brancas e curadas.

Para descascalas, nuns sitios enchen un saco húmido e despois apaléano ata que lles saen as cáscaras interior e exterior, que se están ben secas, hanlles saír con facilidade; noutros sitios poñen poucas castañas no saco para collelo logo entre dous homes polos extremos, érgueno ó aire e sacódeno con forza contra un banco que poñen no medio.

Terminada esta primeira manobra pásase a limpalas usando unha criba, e outros avéntanas coma o trigo, pero de calquera modo as castañas quedan enteiramente separadas de cáscara na que están envoltas, e non falta máis que darlle a última man para separar as danadas e feitas anacos das que están enteiras, sas e en estado de conservarse.

O mes de Novembro é o mes do Magosto, e son dúas as datas máis correntes para a súa celebración: o día 1 de novembro, festa de Tódolos Santos, ou o día 11, festa de San Martiño. Este mes de novembro tamén leva o nome deste santo.

Outra data case obrigada para comer castañas é o primeiro de Maio, chamándoselles "MAIOLAS ou MAIAS", e comíanse para "non desmaiarse o resto do ano".

Tamén se comían as castañas na Coresma cando había o costume de que non se comese carne.

Hai moitos xeitos de comer castañas: castañas asadas, castañas cocidas, caldo de castañas, etc. Para que lles sexa máis cómodo comelas, nalgúns sitios atrávesanas cun fío para poder levalas a modo de colar; chámanse zonchos.